

DATA	20/11/2009
Nº	2146

1024 RBF/mcm

Unha vez que se examinou o expediente que se tramitou para a contratación da execución da obra denominada "POLIDEPORTIVO RIA DO BURGO (2ª FASE)", a adxudicar mediante procedemento negociado.

ANTECEDENTES

1. Con data 28 de outubro de 2009, mediante a resolución nº 1954, da concelleira delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade, procedeuse á adxudicación provisional á empresa GOMIOS PROYECTOS S.L., CIF B-15886328, e o día 2 de novembro de 2009 procedeuse á súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación.

2. No prazo que se estableceu, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, así como o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 153 da Lei 30/2007, pola que se aproba a Lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP), establece que no procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar con eles as condicións do contrato.

2. O artigo 135.4 LCSP establece que a adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de contratación, sempre que o adxudicatario presentara a documentación sinalada e constituíra a garantía definitiva.

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar definitivamente a obra "POLIDEPORTIVA COLEXIO RIA DO BURGO (2ª FASE)" á empresa OGMIOS PROYECTOS, S.L. , CIF B-15886328, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os aspectos de negociación que se estableceron, fixando o prezo en 198.031,72€, IVE engadido, e o prazo de execución en 70 días naturais.

SEGUNDO.- Requirir ao adxudicatario para que, dentro do prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte á recepción da notificación deste acordo compareza para a firma do contrato.

DATA	20/11/2009
Nº	2146

TERCEIRO.- De conformidade co disposto polo artigo 137.1 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación definitiva no perfil de contratante do órgano de Contratación.

CUARTO.- Nomear director das obras a D. Edmundo Varela Lema, xefe de servizo de Medio Ambiente e Servizos, e coordinador de Seguridade e Saúde a D. Ricardo Cid Rey, xefe de sección de Obras Públicas e Servizos..

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á Intervención municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 20 de novembro de 2009
Por proposta de
O xefe de servizo de economía e
facenda

Roberto Babío Fernández

Dou fe,
A secretaria xera len funcións

Mª Nieves Fuentes Bermejo

Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,
A concelleira delegada de Economía, Facenda, Réxime
Interior e Seguridade

Alicia Ferreiro Varela
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176 , de 1/8/2007)

Intervido e conforme,
A interventora xeral

Ana Mª. Prieto Martínez